

16º Festival Internacional de Cine CURTOCIRCUÍTO 2019 Santiago de Compostela, Galicia (España)

BASES

CONDICIÓN XERAIS

01. A 16.ª edición de Curtocircuíto terá lugar en Santiago de Compostela **do 28 de Setembro ó 6 de Outubro de 2019**; a participación está aberta ao ámbito internacional e é gratuíta.
02. Só poderán inscribirse a través da plataforma *online* as curtametraxes que fosen estreadas con posterioridade ao **1 de xaneiro de 2019** e que non fosen enviadas ao Festival en edicións anteriores. En calquera caso, o festival poderá incluír pola súa conta obras producidas con data anterior. Non é preciso que as obras inscritas sexan estreos, mais o Festival valorará que as obras sexan inéditas en España.
03. Cada autor ou produtora poderá presentar tantas curtametraxes como desexe, independentemente da nacionalidade e do idioma das obras. Porén, cada obra terá que inscribirse de xeito independente. A organización non aceptará nin inscricións nin envíos masivos por parte das distribuidoras.
04. A Organización aceptará **todos os xéneros** e reserva o dereito de asignar as obras seleccionadas á categoría que considere. Antes de pechar a programación consultarase cos autores a súa conformidade.
05. A duración máxima das curtas presentadas será de **59 minutos** (títulos de crédito incluídos).
06. Ficarán expresamente excluídos os traballos de índole comercial ou publicitaria.

INSCRICIÓN

- 07.** A inscrición farase a través da plataforma da Internet <http://shortfilmdepot.com>. Para que a inscrición sexa válida haberá que completar todos os pasos que nela se indican. A data límite para a inscrición é o **10 de xuño de 2019**.

Salvo petición expresa do festival, non se aceptará a recepción de obras fora da plataforma <http://shortfilmdepot.com>.

- 08.** Para a preselección, as obras deben subirse no seguinte formato:

- MPEG4 AVC (codec H264).
- Taxa máxima de transferencia de bits: 3000 kbps
- Resolución mínima: 480 p
- Audio: AAC.
- Subtítulos incrustados.
- O arquivo non debe superar os 2 Gb.

NOTA: En www.shortfilmdepot.com ofrécese máis información sobre como facer a conversión dunha película realizada nun formato compatible con Apple TV.

Non se aceptarán envíos feitos en soportes físicos tales como DVD, cinta ou disco duro.

- 09.** Para a inscrición e o visionamento das curtas cuxos idiomas non sexan galego ou español, é obrigatorio que polo menos estean subtituladas en inglés ou nun destes idiomas.
- 10.** Os arquivos subidos pasarán a formar parte dos fondos do Festival. Este comprométese a utilizar tales copias con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais sempre coa petición e o conseguinte permiso do propietario da obra.
- 11.** A relación de obras seleccionadas (en competición e fóra de competición) serán publicadas na *web* do Festival (cortocircuito.org) aproximadamente un mes antes do seu comezo.

COPIAS DE PROYECCIÓN DAS CURTAS SELECCIONADAS

12. Habitualmente o formato de proxección será **DCP**. Só nalgúns casos empregarase **.mov ou .mp4 (codec H.264)**, **resolución: 1920 x 1080 ou 1280 x 720**, **taxa máxima de transferencia de bits: 50 000 kbps**; **audio: AAC**; **subtítulos en galego ou español incrustados ou en .srt**. Será o festival quen decida en función de en que sede sexa exhibida a obra.
13. A copia de proxección terá que estar limpa de subtítulos **salvo que estea titulada en galego ou español**. Non se aceptarán copias con subtítulos incrustados en idiomas que non sexan un destes.
14. Coa inscrición dunha curta e a conseguinte aceptación destas bases, os titulares das obras que sexan seleccionadas para participar en seccións competitivas cédennlle ao Festival o dereito a proxectar as devanditas obras —sempre con propósitos exclusivamente culturais e non comerciais— ao longo do ano e medio seguinte á celebración do Festival nas distintas actividades extraordinarias celebradas fóra da semana oficial. Este uso refírese, basicamente, ás posibles sesións CURTOCIRCUITO OFF (películas gañadoras ou a selección que procedese). En calquera caso, estas posibles proxeccións sempre lle serán notificadas ao titular da obra e sempre terán carácter gratuito para o público.

CATEGORÍAS E PREMIOS

15. As seccións competitivas están divididas en Sección Oficial, Planeta GZ e Penínsulas:

A Sección Oficial está dividida nas seguintes subseccións:

- **Radar:** Obras de calquera xénero e de calquera nacionalidade. Unha variada selección dos títulos que marcan tendencias a escala mundial, tanto na ficción como na animación ou o documental. Cineastas experimentados conviven con novas promesas: curtas que chegan avaladas por numerosos premios concedidos en festivais internacionais e novas obras que Curtocircuíto quere dar a coñecer.
- **Explora:** Obras de calquera xénero e de calquera nacionalidade. Sección centrada na procura de novas caligrafías filmicas. Pezas dificilmente catalogables nun xénero que dilúen a idea tradicional do cinema mediante a exploración de sendas innovadoras, próximas á videoarte, o documental ou o cinema de vangarda.

Ademais:

- **Planeta GZ** acollerá obras galegas a competición. Enténdese por produción galega aquela na que: o director/a sexa galego/a ou leve máis de dous anos residindo en Galicia; aquela producida por unha produtora galega ou aquela que polo seu contido exprese unha manifesta vocación por Galicia.

- **Penínsulas:** Obras de calquera xénero pero exclusivamente de nacionalidade española. Sección centrada na posta en valor da vangarda cinematográfica española.

A participación dunha obra nunha sección ou outra será unha decisión da Organización independentemente da súa inscrición previa.

16. Tanto as películas producidas no Estado español como as producidas na comunidade autónoma de Galicia competirán en ambas as categorías co resto de obras internacionais.

17. Establécense os seguintes **premios e mencións:**

- **Premio Sección Oficial Radar:** 3000 €
Mención ou Mencións Especiais Radar: sen dotación
- **Premio Sección Oficial Explora:** 3000 €
Mención ou Mencións Especiais Explora: sen dotación
- **Premio Penínsulas:** 1000€ + Aluguer de material de rodaxe por valor de 1000€ + calificación Premios Goya da Academia das Artes e as Ciencias Audiovisuais de España.
- **Premio Galicia:** 2000 €
Mención Especial Galicia: sen dotación
- **Premio do Público:** 1500 €
- **Premio do Xurado Novo:** 1000€
- **Premio CREA á Mellor Dirección Galega:** 250 €
- **Premio AGAG ao Mellor Guión Galego:** 250 €

As obras galegas que participen nas categorías internacionais poderán optar tanto ao premio absoluto ou á mención especial de cada unha destas categorías internacionais como aos premios específicos para as obras galegas.

Todas as obras en competición, independentemente dos premios e das mencións concedidos polos xurados oficiais, poderán optar aos premios do Público e do Xurado Novo.

De se producir un empate entre dúas obras (premio *ex aequo*), o importe do premio será dividido entre os dous gañadores.

As contías dos premios están suxeitas aos impostos e ás regulacións fixados pola lei española.

As cantidades expresadas nestas bases son brutas e sobre elas serán aplicadas as pertinentes retencións de IRPF.

18. A Organización reserva o dereito a restrinxir ou ampliar as categorías e os premios, así como a contía destes últimos.

XURADO

19. O xurado estará composto por profesionais do sector audiovisual que contén unha traxectoria contrastada, e a súa decisión será inapelable.
20. O xurado poderá deixar deserta de premio calquera categoría, outorgar mencións especiais, declarar *aequo* algún premio e tomar calquera decisión relativa a aspectos que non fosen considerados nestas bases.

VARIOS

21. Desde a creación do Festival, a Organización leva a cabo unha misión de preservación das curtametraxes. Para este efecto, todas as curtas se almacenan e se arquivan ano tras ano, polo que poderían ser transferidas a outros formatos dixitais para o seu mellor almacenamento — sempre garantindo a seguridade do acceso ao material.
22. A participación no Festival comporta concederlles ás televisións o dereito de emitiren extractos das curtametraxes (10%, cunha duración non superior aos tres minutos). Esta cláusula aplícase igualmente á Internet así como ás propias redes sociais do festival.
23. A Organización tamén publicará material gráfico con información relativa ás obras que conformen a programación.
24. **A Organización dá por feito que os participantes son titulares dos dereitos das curtametraxes que presenten.** En calquera caso, a Organización non se fai responsable das posibles infraccións derivadas deste aspecto.
25. As películas seleccionadas serán proxectadas publicamente durante o Festival, de acordo cun calendario programado, presupoñéndose que os participantes autorizan estas proxeccións desde o momento da súa inscrición no Festival.
26. A Organización do Festival (ou os seus representantes) resolverá todos os casos non especificados dentro dos termos destas bases e pode conceder unha dispensa especial verbo dos pedimentos específicos e xustificadas.
27. A Organización reserva o dereito a cancelar calquera inscrición e emprender as medidas que considere oportunas no caso de violación do regulamento ou en resposta a todo comportamento que perturbe o curso do Festival. De producirse un litixio, estas bases rexeranse polas súas propias cláusulas e, na súa ausencia, pola lexislación española afín en cada momento. En caso de disputa respecto do cumprimento

ou da interpretación destas bases, as partes renuncian ao foro propio que por razón de domicilio puidese corresponderlles e someterán as súas controversias aos tribunais e xulgados da cidade de Santiago de Compostela.

28. A Organización reservase en calquera momento o dereito de alterar, modificar ou suspender o programa de Curtocircuíto 2019.
29. A participación no Festival comporta a aceptación sen reserva de todos os termos contidos nestas bases.

Contacto: info@curtocircuito.org